

**REUNIÓN DA COMISIÓN 5ª, SANIDADE,
POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO**

Día: 14.02.2019

Hora: 16:00

A Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 14 de febreiro de 2019, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia

- 1.1 45345 (10/CPC-000095)
Do director xeral de Orientación e Promoción Laboral, por petición propia, para informar sobre o Modelo de Orientación Laboral Aberta que se está a desenvolver desde o Servizo Público de Emprego de Galicia

Punto 2. Preguntas

- 2.1 39139 (10/POC-006136)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para reverter a situación que padecen as mulleres no referido á conciliación da vida familiar e laboral, a súa opinión en relación cos datos publicados ao respecto pola Confederación Intersindical Galega, así como o nivel de implicación previsto para un cambio real en materia de igualdade laboral
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 375, do 24.10.2018
- 2.2 42146 (10/POC-006529)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela
Sobre a situación da investigación sanitaria en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 411, do 15.01.2019
- 2.3 44339 (10/POC-007095)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a valoración por parte do Goberno galego da asistencia sanitaria na comarca do Salnés, as previsións respecto da dotación con máis medios e cunha ambulancia medicalizada ao hospital comarcal e a cobertura de facultativos na atención primaria, así como a construción dos centros de saúde do Grove e de Vilagarcía de Arousa



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 422, do 30.01.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2019

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez
Presidenta da Comisión





Asinado dixitalmente por:

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 06/02/2019 16:50:26



RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 5ª, SANIDADE, POLÍTICA SOCIAL E EMPREGO

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidenta	
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Vicepresidente	
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
Secretaria	
María Montserrat Prado Cores	BNG

Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María Ángeles García Míguez	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Marta Rodríguez Arias	P
María Soraya Salorio Porral	P
Eva Solla Fernández	EM
Julio Torrado Quintela	S
Paula Vázquez Verao	EM

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día



1.1 45345(10/CPC-000095)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do director xeral de Orientación e Promoción Laboral, por petición propia, para informar sobre o Modelo de Orientación Laboral Aberta que se está a desenvolver desde o Servizo Público de Emprego de Galicia



galicia



Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante a Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego- do director xeral de Orientación e Promoción Laboral, para informar sobre "**o Modelo de Orientación Laboral Aberta que se está a desenvolver desde o Servizo Público de Emprego de Galicia**".

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2019

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

A circular stamp of the Xunta de Galicia, with the text: "XUNTA DE GALICIA", "VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA", "DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONES INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS".

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2. Preguntas

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.1 39139(10/POC-006136)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para reverter a situación que padecen as mulleres no referido á conciliación da vida familiar e laboral, a súa opinión en relación cos datos publicados ao respecto pola Confederación Intersindical Galega, así como o nivel de implicación previsto para un cambio real en materia de igualdade laboral

Publicación da iniciativa, 375, 24.10.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 39139
Data envío: 18/10/2018 18:25:22.115

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás medidas a tomar para cambiar a situación actual na que recae sobre as mulleres a problemática da conciliación da vida familiar e laboral.

A Confederación Intersindical Galega ven de facer público un estudo elaborado polo seu Gabinete de economía do que se tira a conclusión que son as mulleres, máis que os poderes públicos ou a sociedade, as que solucionan a problemática da conciliación da vida familiar e laboral, como se fose un problema que nos compete exclusivamente.

Os datos son demoledores: son mulleres o 87% das persoas inactivas por coidado de menores ou persoas dependentes en Galiza; o 77% das persoas traballadoras con redución de xornada por coidado de menores de 12 anos; o 91,6% das persoas que se acolleron a unha excedencia por coidado de fillos/as; o 71,2% de quen reduciron ou suprimiron o traballo remunerado por coidado de dependentes; o 56,8% das persoas que utilizaron a flexibilización. Son tamén mulleres o 76,7% das persoas ocupadas a tempo parcial e as que padecen a dupla



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 39139
Data envío: 18/10/2018 18:25:22.115

xornada laboral. De feito, mentres elas dedican 4:38 horas ao día, de media ao traballo dentro do fogar, os homes só dedican 2:21.

A redución de xornada para coidado de menores é practicamente exclusiva das mulleres: no ano 2017 das 39.470 persoas traballadoras que reduciron xornada para se dedicaren a coidado de menores un 77% foron mulleres.

Das 106.374 que precisaron axuda externa para o coidado de menores no ano 2017, no 86,7% dos casos foron avós ou avoas os/as que prestaron a devandita axuda. No 73,49% dos casos as avoas/os non viven no mesmo fogar. Sería interesante coñecer o sexo destes avós ou avoas; seguro que as mulleres son maioría.

É un indicador moi ilustrativo de como a conciliación en Galiza recae na familia, e dentro desta maioritariamente nas mulleres.

Polas razóns expostas formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Que actuacións está realizando o Goberno galego para revertir esta situación?

-Que opinión lle merecen estes datos?



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 39139
Data envío: 18/10/2018 18:25:22.115

-Considera que as mulleres temos igualdade de oportunidades laborais se os coidados de menores e dependentes seguen sendo maioritariamente responsabilidade nosa?

-Considera que temos igualdade de oportunidades para futuras pensións con estas vidas laborais?

-Cal vai ser o nivel de implicación da Xunta de Galiza para unha mudanza real na igualdade laboral?

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2018

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/10/2018 18:25
Nº Rexistro: 39139

Data envío: 18/10/2018 18:25:22.115

María Montserrat Prado Cores na data 18/10/2018 18:22:15

Ana Pontón Mondelo na data 18/10/2018 18:22:19

Xose Luis Rivas Cruz na data 18/10/2018 18:22:20

Olalla Rodil Fernández na data 18/10/2018 18:22:22

Noa Presas Bergantiños na data 18/10/2018 18:22:23

Xosé Luis Bará Torres na data 18/10/2018 18:22:25

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.2 42146(10/POC-006529)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre a situación da investigación sanitaria en Galicia

Publicación da iniciativa, 411, 15.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 09:30:00
Nº Rexistro: 42146
Data envío: 27/12/2018 14:14:23.511

Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Noela Blanco Rodríguez, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A investigación no campo biosanitario é un eido de traballo onde os investigadores e investigadoras de Galicia amosan, de maneira constante, a súa gran formación e dedicación, achegándose a niveis de excelencia recoñecidos internacionalmente. Non entanto, non existe unha aposta por parte do goberno galego notoria e convencida que promova e fortaleza a investigación como sector de investimento, que contribúa tanto a mellorar a calidade de vida e os procesos de diagnose e tratamento de distintas enfermidades, como a contribuír a un cambio de modelo produtivo para o país.

O gasto en investigación en España está, aproximadamente, nun 1,2 % do PIB. Menor porcentaxe que hai unha década. O investimento en ciencia diminuíu, nesta década, en torno a un 9 %, mentres que a maioría de países europeos teñen aumentado en volumes altos este nivel de investimento (Reino Unido ou Alemaña por riba do 30 %).

Sendo España un mal exemplo na súa aposta pola ciencia nos últimos anos, coincidentes co Goberno presidido por Mariano Rajoy, en Galicia sobran tamén datos que evidencian un nivel semellante ou menor. Como último dato, os orzamentos autonómicos para 2019 prevén un descenso de máis de 5 % no investimento na partida 561C de investigación sanitaria, que para o ano 2019 prevé 2.480.000 € mentres que para o ano 2018 os mesmos orzamentos apuntaban 2.618.000 €.

A situación de precariedade dos e das investigadoras tanto na súa relación coas universidades, que manexan orzamentos moi axustados para investigación, como noutros centros públicos, contribúe a un lento crecemento e desenvolvemento das liñas de traballo existentes, ademais de supoñer un lastre a efectos sociais polo elevado esforzo laboral e persoal que supón sen recibir ningunha mínima estabilidade nin capacidade de previsión.

CSM-REXISTRO-WCWYPHBUJ-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/12/2018 09:30:00
Nº Registro: 42146
Data envío: 27/12/2018 14:14:23.511

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que o Goberno de Galicia diminuíu a partida orzamentaria para investigación sanitaria nos orzamentos 2019?
2. Como valora o Goberno de Galicia a situación da investigación sanitaria en Galicia?
3. Que medidas ten previsto tomar o goberno de Galicia para mellorar as posibilidades da investigación sanitaria en Galicia?

Pazo do Parlamento, 28 de decembro de 2018

Asdo.: Julio Torrado Quintela
Noela Blanco Rodríguez
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 27/12/2018 14:13:47

Noela Blanco Rodríguez na data 27/12/2018 14:13:53



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

Día: 14.02.2019

Hora: 16:00

Orde do día

2.3 44339(10/POC-007095)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a valoración por parte do Goberno galego da asistencia sanitaria na comarca do Salnés, as previsións respecto da dotación con máis medios e cunha ambulancia medicalizada ao hospital comarcal e a cobertura de facultativos na atención primaria, así como a construción dos centros de saúde do Grove e de Vilagarcía de Arousa

Publicación da iniciativa, 422, 30.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 17:30:18
Nº Rexistro: 44339
Data envío: 22/01/2019 17:30:18.505



Á MESA DO PARLAMENTO

Eva Solla Fernández, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5.ª**

A situación actual da comarca do Salnés respecto á asistencia sanitaria, mostra claramente o problema global da atención sanitaria en Galicia, pero coa especial incidencia nunha zona, na que o seu hospital de referencia é un hospital comarcal, que está a sufrir un deterioro progresivo dos seus servizos, especialmente coa entrada en vigor da modificación da Lei de saúde e polo tanto, a perda de autonomía e capacidade do hospital.

Por outra banda, a porta de entrada do sistema sanitario, a Atención Primaria, atópase nun lamentable estado, con carencias nas súas infraestruturas e con especial falta de persoal para dar cobertura as baixas, vacacións... etc. e manter unha asistencia sanitaria de calidade, xunto cun respecto polos dereitos laborais do persoal.

O sobre esforzo do persoal sanitario é un dos pilares fundamentais que impide o derrube da asistencia, sirva como exemplo, a dobre xornada que tivo que levar a cabo unha médico do Centro de Saúde de Cambados, para que este non quedase cunha soa facultativo, xa que o risco certo e evidente que isto provoca, o vivimos xa nun lamentable episodio neste verán, pese a que a o Goberno siga sen tomar nota. Esa falta de coberturas, ademais de supor un dobre esforzo para o persoal, tamén supón un aumento dos tempos de espera para as persoas usuarias, como fai pouco denunciaban nos centros de saúde de O Grove ou Vilagarcía, con esperas de ata quince días.

A isto, únese tamén a falta xeneralizada de especialistas en pediatría, unha situación que ao igual que a anterior, tamén é produto dos recortes económicos e





da mala planificación. As persoas usuarias de centros de saúde da zona como a Illa ou Ribadumia, nos que falta esta especialidade, teñen que desprazarse a outros centros como Cambados, con conseguinte aumento de ratios neste último.

En relación as infraestruturas, a construción de novos centros de saúde en localidades como O Grove ou Vilagarcía, non parece que exista previsión por parte da Xunta de Galicia para levalos a cabo, polo que a previsión é a de ter que soportar as carencias das que adoecen os antigos centros.

A este panorama tanto na Atención Primaria como na Hospitalaria respecto a comarca do Salnés, debe engadirse a histórica demanda do transporte sanitario, respecto a unha ambulancia medicalizada.


Por todo o anterior o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

- Considera o Goberno que ante estes feitos, é correcta a asistencia sanitaria na comarca do Salnés?
- Ten previsto o Goberno dotar de máis medios o Hospital Comarcal e proceder á apertura das plantas e servizos pechados?
- Cal é a planificación e solución do Goberno en relación ao problema na cobertura de facultativos na Atención Primaria?
- Ten previsto o Goberno levar a cabo a construción dos centros de saúde de O Grove e Vilagarcía?
- Ten previsto o Goberno dotar dunha ambulancia medicalizada á comarca?

Santiago de Compostela, 22 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P. de En Marea.



CSX4 REXISTRO-431bz2jevs.2

Verificación

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/01/2019 17:30:18
Nº Registro: 44339
Data envío: 22/01/2019 17:30:18.505



Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 22/01/2019 17:26:48

CSX4 REGISTRO-431z2jevs.2
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>

